

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE DESPRAZAMENTO “OURENSE RURAL-GRAO” PARA ESTUDANTADO DE GRAO DO CAMPUS DE OURENSE PARA O CURSO 2024/2025

O estudiantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense teñen asinado un convenio para a promoción e o fomento de actuacións e programas en materia de cultura, educación e deporte, a desenvolver no campus de Ourense ou no ámbito territorial da provincia, e que redunden en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia.

Esta convocatoria forma parte dun proxecto máis amplo de extensión da UVigo ao rural, coa finalidade de apoiar ao desenvolvemento endóxico das comunidades rurais, e en especial ao estudiantado universitario que alí reside, en liña con:

a) Obxectivo 9 do Plan Estratéxico da UVigo 21-26: Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas, concretamente con la acción “Potenciar o rural coma motor de Desenvolvemento social”.

b) a Axenda 2030, concretamente,

- ODS 4: educación de calidade,
- ODS 8: traballo decente e crecemento económico,
- ODS 10: reducir as desigualdades,
- ODS 17: alianzas para lograr os obxectivos.

c) a Cork 2.0 Declaration, A better life in rural areas (https://enrd.ec.europa.eu/sites/default/files/cork-declaration_en.pdf), e o seu mecanismo “rural proofing”, que implica a revisión e mellora sistemática das políticas da UVigo a través dunha lente rural, considerando os impactos e implicacións potenciais e reais sobre as persoas que o habitan e as perspectivas de crecemento e desenvolvemento rurais, o benestar social e a calidade medioambiental das zoas e comunidades rurais;

d) o RIO Observatory of Rural Research, creado en 2019 (<https://rio.webs.uvigo.es>) para a posta en valor dun ecosistema de innovación rural, con alianzas estratéxicas público-privadas, explorando a diversidade do rural de Ourense, no marco do desenvolvemento sostible;

e) THE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL DECLARATION FOR A EUROPEAN RURAL AGENDA (<https://rio.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/09/declaration-sto-estevo.pdf>), asinado en 2019 entre a Universidade de Vigo e a Diputación de Ourense.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,



ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de desprazamento para o estudiantado empadroado en concellos rurais da provincia de Ourense e matriculado en estudos de grao no campus de Ourense no curso 2024/2025, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA "OURENSE RURAL-GRAO" DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2024/2025

1. OBTENTO

O obxecto das axudas é atender o custo económico que supón a realización de estudos universitarios oficiais de grao para o alumnado empadroado en concellos rurais da provincia de Ourense distantes dos campus universitarios e con dificultades de conexión a través de medios de transporte habituais.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLITANTES

Pode solicitar axuda o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

Estar inscrito no padrón dos concellos da provincia de Ourense, distintos do concello de Ourense, con 12 meses de antelación á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.

2.2. Requisitos académicos:

- a) Estar **matriculado/a** en titulacións oficiais de grao en centros propios do campus de Ourense ou da Escola de Enfermaría de Ourense no curso 2024/2025 nun mínimo de **60 créditos** ou da totalidade dos que lle permita a normativa da universidade, agás no caso de alumnado con discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento que poderá reducir a carga lectiva ata un máximo de 50%. A data límite para realizar a matrícula será o 16 de setembro de 2024.
- b) Non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dunha titulación do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os que se solicita a axuda.

2.3. Requisitos económicos:

- a) A suma de **rendas** de todos os membros da unidade familiar non pode superar os seguintes límites:
 - Familias de 1 membro: 13.898,00 euros.
 - Familias de 2 membros: 23.724,00 euros.
 - Familias de 3 membros: 32.201,00 euros.
 - Familias de 4 membros: 38.242,00 euros.
 - Familias de 5 membros: 42.743,00 euros.
 - Familias de 6 membros: 46.142,00 euros.
 - Familias de 7 membros: 49.503,00 euros.
 - Familias de 8 membros: 52.850,00 euros.

A partir do oitavo membro engadíranse 3.340,00 euros por cada novo membro computable.

Páxina 3 de 11



b) O **patrimonio** familiar non pode superar os seguintes límites:

- A suma de rendementos netos reducidos de capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais non poderá superar 1.700,00 €.
- A suma de valores catastrais das fincas urbanas pertencentes á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900,00 €. Os valores catastrais pondéranse polos coeficientes establecidos na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2024/2025.

Para o cálculo da renda familiar serán membros computables o pai e a nai (ou titores legais), a persoa solicitante, e os/as irmáns/ás solteiros/as menores de 25 anos.

Tamén serán considerados membros, os/as irmáns/ás de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade e os/as avós/avoas, que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2023; **no caso de non acreditar a convivencia non serán tidos en conta.**

No caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores cando a custodia é compartida, consideraranse membros computables: o pai e a nai do/a estudante que solicita a bolsa, e os/as fillos/as comúns. Cando a custodia non sexa compartida non se considera membro da familia aquel que non conviva có/coa solicitante, pero si o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. Tamén se incluírán os/as fillos/as de ambos que convivan nese domicilio, tanto comúns a ambos cónxuxes como non comúns, se son solteiros/as menores de 25 anos ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou persoa á que se atope unido por análoga relación, así como os/as fillos/as, se os houbera.

No caso de solicitantes que alegan independencia familiar e económica, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes así como a titularidade ou aluguer da vivenda a 31 de decembro de 2023.

Será de aplicación a efectos da composición da unidade familiar o disposto na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2024/2025. Tamén será de aplicación no tócate ao cálculo da renda e do patrimonio, agás o establecido con respecto ás rendas exentas de IRPF que serán computadas na renda familiar.

3. INCOMPATIBILIDADES

Esta axuda é complementaria e compatible coa Axuda ao estudo UVIGO e coa bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes convocada por Resolución do 13 de marzo de 2024 (BOE do 26).

As axudas son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.



O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe máximo do crédito retido para esta convocatoria é de 26.000 € e no seu financiamento participan:

- Consello Social da Universidade de Vigo, cunha achega de 6.000,00 € para o que se dispón do crédito orzamentario correspondente na partida 2024 00CS 421S 48210.
- Universidade de Vigo, cunha achega de ata 10.000,00 € para o que dispón dun crédito orzamentario correspondente na partida 2024 0000 121D 48210.
- Deputación de Ourense, cunha achega de 10.000,00 € a través da correspondente transferencia de crédito á partida orzamentaria 2024 0000 121D 48210.

para o que se achegan os correspondentes certificados de existencia de crédito.

2. As axudas previstas se destinarán a cubrir os gastos derivados do desprazamento desde o termo municipal da vivenda habitual ata o concello de Ourense ata un máximo de

- De 5 a 10 Km200 euros
- De mais de 10 a 30 Km400 euros
- De mais de 30 e 50 km800 euros
- De mais de 50 km1.000 euros

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adjudicación mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na web da universidade: <http://secretaria.uvigo.gal/> deberá rexistrarse e seleccionar "bolsas propias de estudos".

2. O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o **25 de setembro de 2024 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No momento de facer a solicitude achegarase a seguinte documentación:

- O anexo II deberá ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar autorizando á universidade a consultar directamente datos nas plataformas de intermediación, e **presentalo en formato pdf xunto coa solicitude**.
- Documentación acreditativa das distintas situacións que afecten á **composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2023**:



- Certificado municipal conxunto nos seguintes casos:
 - Viuvez, separación e divorcio.
 - Independencia económica e familiar
 - Se hai ascendentes dos pais e irmáns/ás maiores de 25 anos con discapacidade residindo no domicilio familiar.
- Sentenza de divorcio ou convenio regulador, de ser o caso.
- Independencia económica e familiar: deberá presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer, e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos, contrato de aluguer e xustificación de ingresos.
- Documentación acreditativa das situacións que dan dereito a dedución no cálculo da renda:
 1. Título familia numerosa.
 2. Acreditación de orfandade absoluta.
 3. Certificado de discapacidade (do/a solicitante, irmáns e fillos/as do solicitante).
 4. Irmáns estudantes universitarios residentes fora do domicilio familiar durante o curso anterior 2023/2024 (expediente académico e contrato de aluguer).
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar do ano 2023.

Tamén se lle poderá requirir que acheguen outra documentación que a xuízo da comisión de selección resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, para a tramitación deste procedemento consultarase de xeito electrónico os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio, para o que todos os membros da unidade familiar deberán dar o seu consentimento (anexo II) en aplicación do disposto no *Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais*.

Así mesmo consultarase de xeito electrónico os seguintes datos en poder das administracións públicas, agás no caso de que se opoña expresamente:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de idade.
- b) Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar, de prestacións de desemprego percibidas nun período.
- c) Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar, de prestacións de desemprego percibidas con data actual.
- d) Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), que indique se a persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar son ou foron perceptores de pensións/prestacións do sistema da Seguridade Social, en que se indiquen, se procede, a contía actualmente recoñecida, así como aquelas percibidas desde o 1 de xaneiro de 2023 ata a data de emisión da certificación.



- e) Informe de vida laboral dos últimos doce meses de cada membro computable da unidade familiar
- f) Datos de padrón de todos os membros da unidade familiar con data da última variación
- g) Residencia legal
- h) Familia numerosa
- i) Discapacidade da persoa solicitante, irmáns/as e fillos/as
- j) Títulos universitarios

No caso de existir oposición, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar os documentos que acheguen información a bolsas@uvigo.es no prazo de solicitudes.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada por unha comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo coa suma das seguintes puntuacións:

1. Puntuación por situación económica:

Número de membros da unidade familiar	Renda inferior a	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:
1	13.898 €	12.005 €	10.112 €	8.843 €	6.085 €	4.192 €
2	23.724 €	20.660 €	17.597 €	13.264 €	10.973 €	7.910 €
3	32.201 €	28.188 €	24.176 €	17.685 €	15.460 €	11.448 €
4	38.242 €	33.739 €	29.237 €	22.107 €	19.464 €	14.962 €
5	42.743 €	38.042 €	33.342 €	25.644 €	23.127 €	18.427 €
6	46.142 €	41.439 €	36.736 €	29.181 €	26.523 €	21.820 €
7	49.503 €	44.789 €	40.076 €	32.718 €	29.851 €	25.138 €
8	52.850 €	48.115 €	43.380 €	36.255 €	33.120 €	28.386 €
Puntos	1	2	3	4	5	6

A partir do oitavo membro engadiranse 3.340 € por cada novo membro computable.



2. Distancia: 4 puntos cando o domicilio familiar se atopa a 40 km ou mais do campus de Ourense.

3. Nota media calculada en base 10: ata 10 puntos

- Para o alumnado que inicie estudos de Grao a nota de acceso á universidade.
- Para alumnado que continúa estudos de Grao a nota media das materias cursadas no curso anterior.

En caso de empate na puntuación terá prioridade o alumnado coa nota media máis alta.

A comisión de avaliación que está composta por:

Presidente: Francisco Javier Rodríguez Rajo, vicerreitor do Campus de Ourense

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

- María Montserrat Cruz González, sector decanos/as área de Ciencias Sociais e Xurídias
- Julio Prada Rodríguez, sector decanos/as área Artes e Humanidades
- Arno Formella, sector decanos/as ou directores/as área Enxeñaría e Arquitectura
- Pedro Araujo Nespereira, sector decanos/as área de Ciencias
- María Remedios Lameiro Diéguez/Filemón Rivas López (suplente), sector PAS
- Pilar Aurora Araújo Araújo/Alexo Breogán Riobóo (suplente), sector Alumnado
- Luis Pérez Pérez, representación sindical PAS (con voz e sen voto)
- Jesús Deibe Fernández Simo, representación sindical PDI (con voz e sen voto)

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de bolsas concedidas e denegadas**, con mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas elevará ao vicerreitor do campus de Ourense a proposta, quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterà a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das axudas e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte



ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, surtindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada na titulación oficial do campus de Ourense durante todo o curso académico 2024/2025 para poder manter a súa condición de bolseira.

Ademais debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS

Autorizo a Universidade a consultar os datos de renda e patrimonio a través das administracións tributarias e a Dirección Xeral do Catastro (debe ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar).

Membros da unidade familiar:

NIF	NOME E APELIDOS	SINATURA

No caso de non autorizar a consulta deberá presentar a documentación a través da secretaría virtual no prazo de presentación de solicitudes.

